



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INSTRUCCIÓN DO VICERRECTOR DE ASUNTOS ECONOMICOS SOBRE A APLICACIÓN DO DECRETO DA XUNTA DE GALICIA SOBRE PREZOS PÚBLICOS CORRESPONDENTES AOS ESTUDIOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS NA ENSINANZA UNIVERSITARIA PARA O CURSO 2000/2001 NA USC

Ao ter fixada a Universidade de Santiago una parte moi importante da súa oferta de titulacións con planos de estudio renovados e non fixar estes cargas lectivas por curso que limiten a matrícula, cómpre, aos efectos de aplicar as disposicións contidas no artigo 3 do Decreto da Xunta polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais na ensinanza universitaria de Galicia para o curso 2000/2001, establecer o seguinte:

PRIMEIRO: De conformidade co parágrafo 2 do apartado 2 do artigo 3 do citado Decreto, entenderáse que o curso completo para as ensinanzas renovadas na USC consta de 60 créditos.

SEGUNDO: Cando un alumno se matricule dese número de créditos, a tarifa a aplicar para o cálculo da súa liquidación será a fixada para o curso completo de estudos non renovados.

TERCEIRO: De se matricular o alumno dun número de créditos distinto (por exceso ou defecto) ao do curso completo, o cálculo da liquidación da súa matrícula produciráse de conformidade co establecido no parágrafo 1 do artigo 3 do Decreto da Xunta, é dicir, pola multiplicación do número de créditos polo prezo establecido para estes.

Santiago de Compostela a 20 de Xullo de 2000



VICERRECTOR DE ASUNTOS ECONOMICOS

D. Manuel Castro Cotón.

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS
SRA. XERENTE
SRA XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO
SR. XEFE DO SERVICIO DE CONTABILIDADE E PRESUPOSTOS
SRA. XEFE DO SERVICIO DE CONTROL INTERNO
SR. DIRECTOR DO SEIN